

## **Grupos de Innovación Docente**

Os Grupos de Innovación Docente (GID) son grupos de traballo estables de profesorado universitario que teñen como finalidade desenvolver accións dirixidas á formación, innovación e renovación do modelo educativo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe do alumnado.

Este tipo de grupos permiten reflexionar sobre a práctica docente e constitúen un marco idóneo para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de diferentes centros e ámbitos disciplinares que comparten obxectivos comúns.

A Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado promove esta iniciativa coa finalidade de xerar un impacto real que axude a transformar e a renovar o ensino na Universidade de Vigo.

## **Obxectivos**

- Favorecer a participación activa do profesorado en equipos estables que leven a cabo actividades de innovación, renovación de metodoloxías educativas e afondamento nas competencias docentes.
- Outorgar maior recoñecemento, proxección e difusión ás accións así coma ao profesorado implicado.
- Contribuír á xerar unha cultura cooperativa, interdisciplinaria e de formación permanente para o desenvolvemento profesional do profesorado.
- Priorizar a orientación dos traballos do profesorado á consecución de resultados que teñan impacto na mellora da calidade da docencia na Universidade de Vigo.

## **Solicitudes**

1. Ao longo do ano haberá dous prazos para presentar solicitudes:
  - a. Xeración de Grupos de Innovación Docente I. (do 2 de novembro ao 15 de abril).
  - b. Xeración de Grupos de Innovación Docente II. (do 16 de abril ao 1 de novembro).

2. O impreso de solicitude atópase na aplicación Formularios e Enquisas da Secretaría Virtual co nome de “Solicitude de xeración de Grupo de Innovación Docente.” O formulario imprimírase, asinarase e presentárase por rexistro con destino á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.
3. A solicitude será avaliada pola COAP (Comisión de Organización Académica e Profesorado) e a Área de Formación e Innovación Educativa.
4. O rexistro de Grupos de Formación Docente será único e estará centralizado na Área de Formación e Innovación Educativa da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.
5. Cada grupo ten que ter unha denominación propia que o identifique co seu ámbito de traballo, as principais liñas e as temáticas de innovación nas que se sitúa.
6. Cada grupo encargárase de facer a súa propia difusión.

## Composición

1. O número de persoas que compoñen o grupo será como mínimo de tres persoas, integrando persoal axudante e bolsreiro.
2. Os/as compoñentes do grupo teñen que pertencer á Universidade de Vigo aínda que poden establecer redes de colaboración con profesorado doutras universidades.
3. Un profesor/a só poderá pertencer a un grupo. Se excepcionalmente algún/ha docente solicitase a participación en máis dun grupo deberá solicitálo á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.
4. Coordinación do grupo:
  - a. Cada grupo terá un coordinador/a que ten que ser persoal docente e investigador con vinculación permanente coa Universidade de Vigo.
  - b. As persoas que exerzan a coordinación teñen que contar cunha avaliación positiva da súa actividade docente.
  - c. Funcións de coordinación:
    - Exercer a representación do Grupo de Innovación Docente.
    - Avisar dos cambios dos grupos.
    - Presentar a memoria anual.

## **Seguimento dos grupos**

Como criterio de renovación e permanencia, cada ano natural os grupos deberán:

1. Presentar a memoria coas actividades realizadas, dificultades atopadas e coas propostas de traballo para o ano seguinte.
2. Actualizar os seus datos: altas e baixas de persoas, disolución, fusión...

## **Recoñecemento**

1. As persoas que participen no Grupo de Innovación Docente poderán solicitar o certificado de participación ou coordinación unha vez que pasaran seis meses da súa creación.
2. A colaboración nun GID será recoñecida no Docentia.

A Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado poderá solicitar a colaboración académica destes grupos para impartir formación, actuar coma persoal experto nun ámbito específico ou elaborar materiais e recursos de soporte á innovación e mellora docente.

A devandita vicerreitoría aportará aos grupos visibilidade a través de diferentes mecanismos (web da Universidade de Vigo etc.), asesoramento e colaboración en aspectos máis loxísticos vinculados ás actividades dos equipos (apoio na organización de actos...).